



**COFRADIA DE PESCADORES  
MALPICA DE BERGANTÍNOS**  
CIF: G - 15031511  
Rúa Eduardo Vila Fano, s/n  
15113 -Malpica de Bergantiños (A Coruña)  
Oficinas: 881 982 720 Fax: 881 220 138  
Lonxa: 660 476 851  
Correo: cofradia@cofradiamalpica.org

# FESTAS DO MAR PROCESIÓN MARÍTIMA

Nº 147/2023

## BANDO

Con motivo das Festas do Mar na honra da Virxe do Carme, Patroa dos Pescadores, e á **procesión marítima que se realizará o domingo 27 de Agosto**, establecense unha serie de medidas de seguridade a fin de desenvolver dito acto da forma máis axeitada posible a fin de cumplir a lexislación vixente:

1. As **embarcacións participantes** deberán estar matriculadas, ter todos os seus certificados en vigor, seguro regulamentario en virtude do establecido no art. 6 do Real Decreto 62/2008 e no seu caso, debidamente despachadas en cumprimento da O. M. do 18/01/2000. Ademais, no caso das **embarcacións de lecer e/ou deportivas**, lémbrase a obrigatoriedade de contar co seguro RC nos termos e co alcance previsto no Real Decreto 607/1999, do 16 de abril.
2. Os **patróns NON permitirán o embarque** de ningunha clase de pirotecnia, nin a utilización da regulamentaria a bordo, a cal deberán custodiar. Queda terminantemente prohibido o lanzamento de foguetes, petardos ou sinais pirotécnicas, así como realizar sinais ópticas ou luminosas dende calquera embarcación participante na concentración, **salvo en situacóns de emergencia**.
3. As **cubertas das embarcacións** estarán despexadas de aparellos, redes, nasas, cabos, útiles, maquinaria móvil, etc. que poidan entorpecer a circulación do persoal por cuberta, ou poida supoñer un risco potencial de accidente para os mesmos.
4. Non se permitirá que suban a bordo **máis persoas** das que podan ser embarcadas e cuxo número será o obtido da aplicación do art. 9.2. do R. D. 62/2008.
5. Se a embarcación non dispón de **amuradas ou barandas** fixas na cuberta de alomenos 90cm., disporán dun sistema de barandas provisional alomenos de dita altura que evite a caída de persoas á auga.
6. O **patrón deberá adoptar as medias preventivas elementais** encamiñas ó reforzamento da estabilidade, tales como lastrado ou recheo de combustible dos tanques baixos, evitando superficies libres, así como non dispoñer de pesos ou persoas en cubertas altas.
7. Toda **embarcación deberá dispor** de alomenos dous aros salvavidas cos seus correspondentes cabos dispostos para o seu lanzamento. O número de aros incrementarase nun aro máis por cada vinte persoas. O **número de chalecos salvavidas non será inferior ó das persoas embarcadas**.
8. O **patrón velará** para que no embarque non permaneza a bordo calquera persoa que teña as facultades mermadas ou diminuídas por efectos de bebidas alcohólicas ou calquera outra droga/substancia psicotrópica.



## COFRADIA DE PESCADORES

### MALPICA DE BERGANTIÑOS

CIF: G - 15031511

Rúa Eduardo Vila Fano, s/n

15113 –Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Oficinas: 881 982 720 Fax: 881 220 138

Lonxa: 660 476 851

Correo: cofradia@cofradiamalpica.org

9. As embarcacións que porten máis persoas das indicadas nos seus certificados deberán restrinxir as súas navegacións ó período comprendido entre o orto e unha hora antes do ocaso. Non poderán navegar en solitario, debendo abandonar o porto co resto de embarcacións e cando se teñan incorporado ás mesmas todos os **medios de seguridade**.

**10. Quedará terminantemente prohibido tirar calquera tipo de residuo sólido e/ou líquido ó mar, debendo dispor de contedores para a súa recolección e posterior descarga e reciclaxe en terra.**

**11. Todos os patróns deberán coñecer a seguinte información:**

- Navegar á velocidade indicada

- Realizar atraques e desatraques paulatinos evitando manobras simultáneas.

- **Non se realizarán manobras innecesarias, evitando condutas temerarias.**

**- Os patróns dos buques,** en atención á boa práctica mariñeira prestarán especial celo e non sobrecargar as súas embarcacións máis alá do dispuesto nas condicións de navegabilidade e estabilidade aprobadas, todo co fin de evitar situacións de perigo durante todo o percorrido marítimo.

- No que respecta á embarcación, non se permitirá que suban máis persoas das que poidan ser embarcadas, sendo o número igual ou menor ó calculado co arranxo ó seguinte criterio:

a. Si todas as persoas se poñen a unha banda, o francobordo non se reducirá a menos da metade co barco adrizado, ou

b. Salvo con cálculos que xustifiquen que o barco pode soportar máis cumplindo a estabilidade, o número máximo sobre cuberta será inferior aos seguintes valores:

1.- Embarcacións de pesca e acuicultura:  $N = \text{eslora total} * \text{Manga} * 0,5$

2.-Embarcacións de pasaxe e recreo: **N= o que figura nos Certificados.**

- O patrón dará instrucións de comportamento que hai que manter durante a procesión as persoas que suban a bordo, conforme o artigo 10, especialmente.

**12. No caso de facer caso omiso a esta comunicación, so armadores e patróns das embarcacións, non só poderían ser sancionados pola Autoridade Marítima, senón tamén poderán ser considerados como os únicos responsables, directos ou indirectos, no caso da comisión de infraccións ou concorrencia de dano e accidentes no desenrolo da mesma, quedando esta Entidade exonerada de toda responsabilidade.**

Moitas grazas de antemán por colaborar e festexar a Festividade da Virxe do Carme como se merece neste día tan especial para todas as persoas que vivimos do mar. MEDRE O MAR!

Malpica a 21 de Agosto de 2023  
O PATRÓN MAIOR DA CONFRARÍA



Asdo.: Pedro Pérez Martelo